

Noticia: <http://www.xornal.com/article.php3?sid=20060727132553>

O 70% dos profesores universitarios empregan as novas tecnoloxías na docencia

Case o 70% dos profesores universitarios galegos fan uso das TIC para o desenvolvemento da súa práctica educativa e o 36% dos empregados das empresas galegas que reciben formación fan con ferramentas deste tipo. Son datos que se desprende do Observatorio Galego de e-Learning, un proxecto de investigación cuxos resultados foron presentados esta mañá no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

(jueves 27 de julio de 2006)

XORNAL | A Coruña.- O estudo, financiado pola Dirección Xeral de I+D+I, permitiu afondar nos hábitos de utilización didáctica destas tecnoloxías. Grazas a el constatouse que Galiza, pese a situarse entre as rexións cos índices máis baixos de uso das novas tecnoloxías, presenta datos moi positivos no referente a este eido.

Así, no ámbito da universidade galega, a meirande parte dos profesores empregan as TIC dende hai varios anos na súa práctica docente (78%). O maior índice de utilización, non obstante, sitúase nun nivel moi básico, centrándose en recursos elementais como o correo electrónico (81%), a navegación web (77%) ou a páxina web docente (52%). O aproveitamento íntegro de todas as posibilidades que ofrecen as TIC, materializadas por exemplo na utilización de campus virtuais, é, pola contra, aínda baixa, debido ao maior grao de formación que requiren.

Nos últimos anos, son moitas as vantaxes que se veñen atribuíndo a esta nova metodoloxía de ensino, entre elas a adaptación ao contorno físico, a súa flexibilidade de horarios, a súa intensidade ou a facilidade de acceso ao coñecemento. Ademais, estas tecnoloxías son tamén moi valoradas por resultar de grande axuda para o achegamento a colectivos de difícil acceso.

No referente á investigación universitaria na área de e-Learning atópanse 13 grupos nas tres universidades que traballan directamente ou indirectamente neste ámbito. As temáticas dos seus estudos van dende o desenvolvemento de materiais didácticos e software educativo ou o desenvolvemento de Sistemas de Xestión de Aprendizaxe até as TIC na educación (escolar, universitaria, non formal), entre outros.

As empresas aparecen tamén reflexadas no informe, posto que xogan un papel fundamental na xeneralización do e-learning. Estas teñen atopado no mesmo un xeito de optimizar a súa inversión na formación dos seus empregados. Non obstante, o asentamento maioritario de pequenas e medianas empresas en Galiza limita considerablemente as cifras de penetración das TIC neste sector, dado os seus reducidos recursos. Así, só o 36% dos empregados reciben formación a través desta modalidade.

A maior parte das empresas que empregan o e-learning declaran facer uso da modalidade presencial (90%) e da modalidade totalmente a distancia (41%). A temática dos cursos que empregan e-learning é maioritariamente horizontal sobre temas relacionados coas TIC (informática, Internet) cun 44% do total, seguido da prevención de riscos laborais (29%), calidade (26%), e produtos propios da empresa (25%) entre outras.

Por outra banda, o e-learning xenera todo un tecido empresarial de provedores deste servizo. En Galiza existen asentadas 40 empresas destas características, que se concentran fundamentalmente no eixo A Coruña-Vigo.

Todos estes datos, recollidos no Observatorio ofrecen unha perspectiva de crecemento do sector moi favorable, tanto dende o punto de vista dos consumidores de e-learning como dende o dos provedores destes servizos.

OBSERVATORIO GALEGO DE E-LEARNING.- O informe final do Observatorio Galego de

e-Learning, así como o seu resumo executivo, están accesibles na Rede a través da páxina web do Observatorio <http://observatorioel.cesga.es> Estes documentos están dispoñibles tanto en versión en galego como en castelán.

No proxecto para o Observatorio Galego do e-learning participaron, baixo a coordinación do CESGA, unha mesa de expertos formada por especialistas en tecnoloxía educativa dos departamentos de Pedagogía e Didáctica das tres universidades galegas, ademais da empresa EOSA Consultores.

Do mesmo, derivouse tamén a creación da "Rede Galega de e-learning". Trátase dun espazo de encontro de xeración e intercambio de información, onde persoas interesadas neste campo poden contactar con outros profesionais do sector, de xeito que se lles posibilita compartir experiencias innovadoras, emprender accións conxuntas e formar un colectivo de referencia sobre e-learning na nosa autonomía.

O estudo realizouse sobre unha mostraxe constituída con entidades tanto públicas como privadas, dos sectores de educación superior e formación continua, e do sector empresarial galego.


[Homes in Galicia](#)

Looking for a home in Galicia Spain ?

[Raz Surfcamp](#)

Desde 1991 en la playa de Razo La escuela pionera de España

© Xornal Galinet S.A. Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción: redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es

Puesto del Top 100 gallego. Publicación digital controlada por  **Alexa**